

A CAPELA

No CEIP Mosteiro de Caaveiro custodian unha colección de case 200 pezas de 26 países de África

Os xoguetes africanos da Capela

O empresario galego Javi Lago cedeulle ao colexio os xogos que xuntou en anos de viaxes polo continente negro, feitos de materiais cotiás polos propios nenos e os pais

[ANA F. CUBA] A Xabier López García, mestre do CEIP Mosteiro de Caaveiro, da Capela, ata hai tres anos, cando se xubilou, sempre lle gustou viaxar, en especial pola África negra. «Un ano, en Camerún, confección a un rapaz galego, Javi Lago, que ten unha axencia de viaxes, Cultura Africana», relata. No colexio da Capela xa leaban anos cun proxecto educativo relacionado cos xogos tradicionais. Brinquedos, cun parque no que se poden practicar ata 25 actividades diferentes. Desde hai uns anos, os escolares do CEIP apréndennles a xogar nese centro de interpretación a compañeiros doutros colexios que os visitan.

Dentro desta iniciativa atópase unha colección de xogos e xoguetes. Brinco, repartida polas dúas plantas do edificio. «Javi Lago sabía disto e pensou que este era o mellor sitio para os xoguetes africanos que fora gardando desde o ano 1989, porque a través deles se fa dar a coñecer África, a súa cultura e a súa historia. Falei co equipo directivo, encaxaba perfecto e fomos a Madrid buscar as pezas, que agora están nunha parte da segunda planta», indica López García. Este mestre



Escolares observan unha das vitrinas dos xoguetes [JOSÉ PARDO]

«A nosa idea é educar en valores por medio do xogo... Xogar non é perder o tempo»

botou un ano inventariando as pezas, feitas e usadas polos propios nenos, a partir de diferentes materiais, dependendo do país, moitos de refugallo, coa axuda, ás veces, dos seus pais. Hai 193, entre embarcacións, helicópteros, aviões, móbiles, motos, co-

ches, camións, bonecas, marionetas, xogos, instrumentos musicais, animais ou armas. E provéñen de 26 países: Arxelia, Benín, Burkina Faso, Camerún, Costa de Marfil, Etiopía, Exipto, Gabón, Ghana, Guineia Bissau, Guinea Conakry, Illa Reunión, Kenia, Madagascar, Mali, Marrocos, Mauritania, Níxer, Nixeria, República Centroafricana, República Democrática do Congo, Senegal, Serra Leoa, Tanzania, Togo e Uganda. A colección, única en Galicia e probablemente no Estado, presentouse o día 17 de marzo de 2012.



As pezas foron elaboradas polos propios nenos africanos [J. P.]

«A raíz disto, organizamos varias actividades relacionadas con África, un ano sobre Cabo Verde, cunha xornada na que viñeron caboverdianos de Burela nun bus, nenos, pais e avós, e compartiron xogos, bailes e comida cos nenos, os pais e os avós da Capela. Non tínhamos ningún xoguete de Cabo Verde e unha avoa fixonos unha boneca», lembra o artífice do encontro, igual que da xornada dedicada a Etiopía. Quedoulle pendente facer algo sobre Senegal.

«Cando os nenos de aquí vén un xogo feito cun arame a unha

tea, e como se lle moven as ás, alucinano», recalca o mestre, convenido da importancia de «educar en valores por medio dos xogos». «Xogar non é perder o tempo nin facer cousas inútiles», recalca, e lamenta que hoxe se apure a nevez para pasar a vivir como adultos. «Un neno ten que vivir coma un neno e a parte lúdica estase saltando, hai que xogar, socializar, fracasar... Na infancia márcanse as características das persoas». Na Capela, os nenos coñecen e practican os xogos tradicionais, compatibles cos máis modernos.